

USO DUN REPOSITORIO NA CLASE DE FÍSICA E QUÍMICA

GREGORIO MONTES, Antonio
IES Porta da Auga

Todo docente, ó longo do tempo, usa diversos materiais para o seu traballo. Moitas veces, son concibidos por el ou ela mesmos só con ese obxectivo final. Non obstante, como materiais o fundamental é que sirvan e vehiculen a educación. Para facilitar esta adecuación de obxectivos, a disposición dos materiais debe ter un amplo acceso e estar encadrada asemade nunha ampla posibilidade de uso, para os alumnos e tamén para o seu uso e compartición por outros profesores.

Internet facilita abondo a difusión de documentos e coñecemento en xeral, e ofrece ós docentes unha ampla gama de ferramentas para difundir e potenciar a capacidade educativa dunha variedade de documentos e engadidos relacionados (programas, ferramentas de comunicación, etc). Centrándonos nas wiki, sistema de almacenamento e consulta da información usable de xeito cooperativo, presenta moitas facilidades de uso tanto para a súa creación como para o seu aproveitamento, e permite ademais o seu medrar dun xeito distribuído, sendo aproveitables como base para repositorios didácticos.

<http://examesdefisicaequimica.wikispaces.com> é unha wiki que se presenta como vehículo de apoio ó ensino e difusión de información en temas relacionados coa Física e a Química no ensino medio. Así, facilita ó alumnado o acceso a materiais máis próximos á súa experiencia diaria na aula, subministra materiais relacionados co propio avance da materia no momento apropiado, complementa a intervención que se da na aula, etc.

A wiki é fundamentalmente un repositorio en internet ordenado por niveis Apuntes, exames e material de apoio á materia de física e química tanto na ESO como no bacharelato, foron recollidos a través dos últimos anos entre os usados para a docencia polo autor. Os exames vense incrementados coa súa resolución somera, implicando un mínimo de explicación e a necesidade dun esforzo complementario polo lector. Asemade, contén outros exercicios de diversa gradación en dificultade e tamén algunha ferramenta informáticas para facilitar o mecanismo de comprensión e metodoloxía dalgún tipo de exercicios. En cada nivel hai acceso á programación da correspondente materia e á presentación da mesma, e o conxunto, ampliado ano tras ano por novos contidos, constitúe unha especie de memoria do desenvolvemento curricular.

Dende a páxina de entrada, o usuario elixe o nivel educativo correspondente, onde dispón de material adecuado ó mesmo. O conxunto complétase con ligazóns a outras web usadas para actividades relacionadas coa materia, unha sección para incorporar algunha utilidade que pode servir para diversos niveis ou que non se considera como directamente teoría ou práctica, a programación da materia, etc.

Unha característica é que todas as páxinas descargables son examinables por programas libres, podendo ser editadas, corrixidas e melloradas en calquera momento por calquera persoa que as descargue.

Como repositorio, a súa principal labor e principio metodolóxico é estar a disposición. Non obstante, arredor da wiki pódese (e débese, para o seu debido aproveitamento) construír unha serie de actividades.

En primeiro lugar, o dar a referencia ós alumnos como sitio en internet onde teñen material xerado directamente na aula ou de xeito relacionado con ela, unha referencia que serve de asideiro ó alumnado para o estudo.

En segundo lugar, como proposta de exercicios (e resume teórico en moitos casos), complementa ó texto ou apuntes, e o xeito separación solución/proposta en que aparece a maioría do material facilita o esforzo primeiro e a comprobación posterior, cun sistema baseado no plantexamento de problemas.

Despois aínda, como análise posterior dos exercicios de exame, facilita a labor de explicación e comprensión dos fallos cometidos na súa resolución. É este un aspecto de considerable peso, representando quizais o momento de maior atención, fixación e en xeral aprendizaxe de todo o ciclo educativo na materia.

Por último dentro dun mesmo ciclo, a construción (finalizando na aula) e posterior subida a internet de pequenos ficheiros con tratamento de datos para problemas concretos, facilita a visualización de detalles conceptuais ou procedimentais.

De xeito paralelo, a interacción cos alumnos facilita a mellora continua das páxinas, ó ter facilidade para facelo e a posibilidade de intercambiar información e opinións sobre o que xa está cargado.

Pode falarse ademais dunha metodoloxía de mantemento, vista dende o punto de vista profesoral, que inclúe curso a curso, a posta en práctica na aula e a corrección e mellora dos aspectos que se considere oportunos.

Ferramenta ubicua en canto a espazos e correspondentemente en canto a tempos, permite o acceso dende calquera lugar no que se poda conectar e a calquera hora que se considere oportuno e propia distribución en documentos asigna a cada un deles un tempo idóneo de uso ligado co avance da materia no conxunto da clase ou outras conveniencias ou intereses particulares.

Aínda que a web está dirixida primariamente ó seu uso polos alumnos, as estatísticas de visitas e interese xeral dan pé a pensar na súa utilidade e posibilidade de extensión ó seu uso por parte doutros centros, alumnos e profesores.